



Suxestión dirixida ao Concello de Ferrol para que se determine se o vial obxecto da queixa é ou non de titularidade municipal e que, de selo, se leven a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación e mantemento.

Expediente: N.9.Q/11586/23

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO**.- No seu escrito, a reclamante, esencialmente, pon de manifesto o seguinte:

*A situación que estamos a vivir dúas familias do Concello de Ferrol, parroquia de XXX; nunha vivenda vive unha familia con dous nenos menores e na segunda dous adultos e unha persoa de 88 anos. Por poñer un exemplo, o estado do camiño é tal que o periódico que diariamente nos traían a casa deixou de chegar hai dous anos e déronnos de baixa polas enormes fochancas existentes que, segundo nos dixeron, provocaban deterioros nos baixos do coche do repartidor; adxunto vídeo e imaxes de todo isto que afirmo.*

*Dende hai anos vimos solicitando ao Concello de Ferrol que realice as oportunas obras de asfaltado ás nosas vivendas, cuxa antigüidade ronda os douscentos anos, debido a que este é o único camiño que conduce ás mesmas e na actualidade mostra xa un deterioro insoportable. O Concello non só non respondeu á miña última solicitude, que acompañe, senón que por medios extraoficiais tanto o alcalde como a Concelleira responsable de Obras e Zona Rural*

*afirmaron que o camiño non pertence ao Concello, senón que é propiedade dos veciños; afirmación que nada ten que ver cos documentos que manexamos:*

*Non aparece nas nosas escrituras de propiedade, pero si aparece no Rexistro catastral que tamén se acompaña. En calquera caso: o camiño ten puntos de luz municipais e ámbalas dúos vivendas están conectadas á auga pública municipal.*

**SEGUNDO.**- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que nos remitiu informe elaborado polo Servizo de Obras do concello.

No informe achegado pola Administración, esencialmente, ponse de manifesto o seguinte:

*1.-No SIX municipal o vial aludido, non ben referenciado como de titularidade municipal.*

*2.- Que non teño constancia que o Concello realizase traballos de mantemento ou reparación con anterioridade no vial referido.*

*3.- Que o citado vial conta con alumeado público, descoñecendo este técnico se conta con outros servizos municipais.*

*4.- Que para realizar calquera actuación de mantemento no mesmo por parte do Concello é precisa a súa titularidade pública, así como a dispoñibilidade dos terreos, ben por que estes sexan de titularidade municipal ou ben por que a Administración pública titular autorice expresamente as actuacións a realizar.*

*En caso de ser de titularidade particular, ao entender deste técnico, e salvo informe contrario dos servizos xurídicos municipais, ditas actuacións non poderían levarse a cabo por parte do Concello, xa que suporía a inversión da cartos públicos en bens de titularidade privada, non suxeitos ao ordenamento xurídico vixente, e romperían o principio de igualdade ante a Administración.*

*Polo tanto, e atendendo o solicitado, e coa finalidade de dar resposta ao requirimento da Valedora do Pobo, indicase a necesidade de determinar a maior brevidade posible se o vial sinalado é de titularidade municipal, polo que solicito do negociado de Patrimonio o seguinte:*

*- Se o Concello de Ferrol ten a titularidade do vial indicado nos planos que se achegan, os efectos da súa conservación e mantemento..*

- De ser o caso, se indique si procede o 'inicio dun expediente de dominio para a súa incorporación ao inventario de bens.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta na información da Administración, cómpre facer as seguintes

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.**- Segundo a información recibida do concello, o vial ao que se refire a queixa non está referenciado como de titularidade municipal no SIX municipal, non tendo constancia que o concello realizase traballos de mantemento ou reparación nese vial.

**SEGUNDA.**- Que o citado vial conta con alumeado público, se ben o técnico que emite o informe descoñece se conta con outros servizos municipais.

**TERCEIRA.**- Para realizar calquera actuación de mantemento no vial por parte do concello é precisa a súa titularidade pública, así como a dispoñibilidade dos terreos.

**CUARTA.**- Polo tanto e segundo a información recibida, é necesario determinar se o vial sinalado é de titularidade municipal, polo que o técnico que elabora o informe remitido polo concello, solicita do negociado de Patrimonio o seguinte:

- Se o Concello de Ferrol ten a titularidade do vial indicado nos planos que se achegan, ós efectos da súa conservación e mantemento.

- De ser o caso, se indique si procede o 'inicio dun expediente de dominio para a súa incorporación ao inventario de bens.

Por todo o exposto e en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, faise chegar a ese Concello de Ferrol a seguinte:

### **SUXESTIÓN**

Que, tendo en conta o informe elaborado polo técnico do Servizo de Obras dese concello e recibidos os informes do Negociado de Patrimonio aos que se refire, se determine se o vial obxecto da queixa é ou non de titularidade municipal e que, de selo, se leven a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación e mantemento.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado dixitalmente)